

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
REALIZADA O DÍA 6 DE ABRIL DE 2015**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 6 de abril de 2015

HORA DE COMEZO: 14:00 h.

HORA DE REMATE: 14:50 h.

ASISTENTES:

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D. Bernardino Faro Lagoa, D. Pío Millán Blanco, D^a Dolores Gallego Santos, D. Jesús Manuel Graña Graña e D^a M^a Lucía Lede Fernández.

AUSENTES: D^a Berta Pérez Hernández e D. Rafael Soliño Costas.

SUPLENTES: D^a M^a Luisa Prieto Rial.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS

1º.- SOLICITUDE DA "ASOCIACIÓN PARA LA DIVULGACIÓN DE LA CULTURA CERVECERA ARTESANA DE GALICIA" (ADICCAG) PARA REALIZACIÓN DE EVENTO GASTRONÓMICO E CULTURAL BASEADO NA CERVEXA ARTESÁ

Examinada a solicitude presentada o día 31.3.15 pola "ASOCIACIÓN PARA LA DIVULGACIÓN DE LA CULTURA CERVECERA ARTESANA DE GALICIA", na que demandan autorización municipal para levar a cabo un evento gastronómico e cultural baseado na cervexa artesá, para os días 14, 15 e 16 de agosto de 2015 na esplanada das "Naves de Ojea", cunha ocupación de 96,00 m²., para o que precisarían conexións eléctricas de auga e dalgún sanitario.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar a solicitude da "ASOCIACIÓN PARA LA DIVULGACIÓN DE LA CULTURA CERVECERA ARTESANA DE GALICIA", para levar a cabo un evento gastronómico e cultural baseado na cervexa artesá, para os días 14, 15 e 16 de

agosto de 2015 na esplanada das "Naves de Ojea", cunha ocupación de 96,00 m2.

???? servizos ???? pagamento de taxas ocupación???

A presente autorización municipal condiciónase a que non interfira nas actuacións previstas para as festas patronais do Concello de Cangas.

URBANISMO E VIVENDA

2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 1 DE ABRIL DE 2015, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

2.A.1) DENEGACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE: 25.164.- LICENCIA: 24.100 RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR PILAR GONZALEZ ALONSO.- A Xunta de Goberno Local, en relación con este asunto acordou:

PRIMEIRO.- NON ADMITIR POR EXTEMPORÁNEO o recurso de reposición interposto por PILAR GONZALEZ ALONSO contra o acordo da Xunta de Goberno Local de Cangas de data 10 de novembro de 2014 , polo que se acordou a concesión de licencia de obra a EMILIO SOAGE FERNANDEZ para acondicionar un local sito en Rúa San José 45, baixo, Cangas para adicalo a vivenda, toda vez que o recurso de reposición formulado fronte o este acordo foi presentado fora dos prazos previstos no artigo 117 da lei 30/1992, de 30 de novembro, de réxime xuridico das administración públicas e procedemento administrativo común , polo que non procede entrar no fondo do asunto.

SEGUNDO.- Dar traslado da presente resolución aos interesados aos efectos oportunos, ca indicación de que este acordo pon fin á via administrativa e cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado contencioso-administrativo da circunscrición onde radique o inmovible afectado, conforme ao disposto no artigo 14.º.3o da lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados desde o dia seguinte ao da súa notificación , segundo o disposto no artigo 46.1 da citada lei.

2.A.2) EXPEDIENTES DE OBRAS PENDENTES SOBRE A MESA:

Expediente nº 24.585.- A Gabriel Pin Fernandez, para en Espiñeira - Aldan, modificar o muro de contención de terras e peche de 14,50 metros e recolocación de portal, foi deixado sobre a mesa pendente de mellor estudo.

2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

MENORES

EXPEDIENTE N° 25.370.- A Ana Maria Sas Martinez, para en Baixada a Praia de Mendiña 10 - Aldan, construír unha piscina de 35,00 m², de conformidade co proxecto de xaneiro de 2.015, do arquitecto Vicente Fraga Fernandez.

EXPEDIENTE S/N.- ORDE DE EXECUCION NA UNIDADE DE ACTUACION 27 NA ZONA DE MASSO.- A Xunta de Goberno Local acordou prestar a súa conformidade a proposta de medidas urxentes de de seguridade presentadas por COMPLEJO RESIDENCIAL MARINA ATLANTICA S.L., con data 25 de marzo de 2.015, e que se contemplan no apartado G.- MEDIAS DE SEGURIDAD

URGENTES, do informe do arquitecto José Antonio Comesaña Garcia, de febreiro de 2.015.

2.C) APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

EXPEDIENTE Nº 1.654.- LICENCIA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO PETICIONADA POR PRIZECOLORS BISYCOM 36940 S.L.-

A Xunta de Goberno Local acordou conceder licenza municipal de apertura de establecemento adicado a comercio polo miudo de artigos regalo e complementos, en Mendez Nuñez 26 baixo - Cangas, peticiónada por PRIZICOLORS BISYCOM 36940 S.L., tendo en conta o informe de comprobación efectuados pola arquitecta da Oficina de Rehabilitación de datas 18 de marzo de 2015.

Advertese que a licenza outorgada é de tracto continuo polo que en caso de sobrevir novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederase á revisa-la licenza outorgada e inclusive a súa revogación no caso de que non fora posible restablece-la seguridade ou tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para o Concello a carga de indemnización ningunha.

EXPEDIENTE Nº 1.691.- LICENCIA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO PETICIONADA POR TECNOSAT C.B.- A Xunta de Goberno Local acordou conceder licenza municipal de apertura de establecemento adicado a venda e reparación de aparatos electrónicos, en Montero Rios 18 - Cangas, peticiónada por TECNOSAT C.B., tendo en conta o informe de comprobación efectuados pola arquitecta da Oficina de Rehabilitación de datas 18 de marzo de 2015.

Advertese que a licenza outorgada é de tracto continuo polo que en caso de sobrevir novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederase á revisa-la licenza outorgada e inclusive a súa revogación no caso de que non fora posible restablece-la seguridade tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para Concello a carga de indemnización ningunha.

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓN PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

OBRAS

EXPEDIENTE Nº 25.417.- José Nogueira Bernárdez, limpeza e pintado paredes interiores local en Castelao 21 - Cangas.

4º .- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA

4.A) PROPOSTA DO INSTRUCTOR S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 25/2014

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 18.3.15, referente ao expediente de infracción urbanística nº 25/2014, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXPEDIENTE Nº 25/2014

Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar da Boubeta, 29-Coiro, consistentes en: realizar a ampliación de vivenda en 28,00 m²., sobre forxado da mesma superficie e seis pilares, abeirada na licenza 20533 F, denegada para caseta.

Sendo a resolución do expediente anteriormente citado recaída o día 13 de outubro de 2014, de considerar as obras mencionadas como ilegalizables.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, Enrique Prado Rosales, promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 216 da Lei 9/02, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia pode tipificarse en principio como grave, segundo o sinala o artigo 217.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 220.l.b) da referida Lei 9/02, indicándolle ao infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle esta nun 30%.

Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de disciplina, así como na Lei 30/92, do 26 de novembro, do Réxime xurídico das administracións públicas e do Procedemento administrativo común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.d. 1398/93, do 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.d. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora de bases de Réxime local.

Visto o Decreto da Alcaldía do día 16 de xuño de 2011, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en

materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRÍMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a Rafael Soliño Costas e á secretaria do concello, Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou ser recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.d. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de delegación do día 16 de xuño de 2011.

CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.d. 1398/93, de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por si mesmo a demolición acordada antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.

QUINTO.- Indicar aos interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO.- Conceder aos interesados un prazo de quince días a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO.- Comunicar o acordo ao instrutor e secretario con traslado das actuacións que existan ao respecto, debendo notificar aos interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.d. 1398/93.

OITAVO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 25/2014.

4.B) PROPOSTA DO INSTRUCTOR S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 39/2014

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 19.3.15, referente ao expediente de infracción urbanística nº 39/2014, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXPEDIENTE Nº 39/2014

Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Pinténs-O Hío, consistentes en: tapiar un oco de portal e realizar un novo sen o recuado de 4,00 metros do eixo do camiño.

Sendo a resolución do expediente anteriormente citado recaída o día 13 de xaneiro de 2015, de considerar as obras mencionadas como ilegalizables por seren incompatibles coas determinacións urbanísticas establecidas ao respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cangas, título V das Normas Urbanísticas II.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, Jesús Portas Mendiña, promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 216 da Lei 9/02, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o artigo 217.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 220.l.b) da referida Lei 9/02, indicándolle ao infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación, reduciráselle esta nun 30%.

Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de disciplina, así como na Lei 30/92, do 26 de novembro do Réxime xurídico das administracións públicas e do Procedemento administrativo común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.d. 1398/93, do 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.d. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora de bases de Réxime local.

Visto o Decreto da Alcaldía do día 16 de xuño de 2011, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a Rafael Soliño Costas e á secretaria do concello, Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou seren recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.d. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de delegación do día 16 de xuño de 2011.

CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.d. 1398/93 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por si mesmo a demolición acordada antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.

QUINTO.- Indicar aos interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como, a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO.- Conceder aos interesados un prazo de quince días a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO.- Comunicar o acordo ó instrutor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar aos interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.d. 1398/93.

OITAVO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non

cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 39/2014.

5º.- SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE CANGAS AO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS DO PLAN ESTATAL DE FOMENTO DO ALUGAMENTO DE VIVENDAS, A REHABILITACIÓN EDIFICATORIA E A REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS 2013-2016 (ORDE DO 9 DE MARZO DE 2015)

Vista a Orde do 9 de marzo de 2015 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016.

De conformidade co establecido na Orde do 9 de marzo de 2015 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Solicitar da referida consellería a participación do Concello de Cangas no Programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016, asumindo os compromisos establecidos na Orde do 9 de marzo de 2015 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

SEGUNDO.- Solicitar da citada consellería a actuación do Concello de Cangas como entidade xestora das actuacións, despois da sinatura do acordo.

6º.- DACIÓN DE CONTA DE SINATURA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CANGAS E A AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO PARA O MANTENIMENTO E CONSERVACIÓN DO PASEO MARÍTIMO DO SALGUEIRÓN

Examinado o convenio asinado o día 30 de marzo do 2015 entre o Concello de Cangas e a Autoridade Portuaria de Vigo, para o mantemento e conservación do Paseo Marítimo do Salgueirón no Concello de Cangas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do convenio asinado entre o Concello de Cangas e a Autoridade Portuaria de Vigo, para o mantemento e conservación do Paseo Marítimo do Salgueirón no Concello de Cangas.

SEGUNDO.- Dar traslado de copia do convenio de referencia aos departamentos de Urbanismo e Intervención.

SANIDADE,SERVIZOS SOCIAIS E MULLER

7º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA DE EMERXENCIA SOCIAL

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 31.3.15, relativa a concesión de axuda económica de emerxencia social, que di:

"Con relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social e examinado o informe da traballadora social de Servizos Sociais comunitarios, propónse a seguinte resolución:

** Concesión de axuda económica de CATROCENTOS VINTE E SEIS EUROS CON SESENTA E TRES CÉNTIMOS (426,63 €) a Mercedes García Villar. "*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

CONTRATACIÓN

8º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DO CENTRO SOCIAL DO CONCELLO DE CANGAS

PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DO CENTRO SOCIAL DO CONCELLO DE CANGAS

Vista a Providencia da Alcaldía de data 18.03.2015 pola que se inicia o expediente administrativo para a adxudicación do contrato de servizo de limpeza do centro social do Concello de Cangas, sito na avda. de Castelao n.º 4.

Visto que polo departamento de Apoio Xurídico se redactaron os oportunos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán esta licitación.

Por todo o que antecede, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte,

ACORDO

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación do servizo de limpeza do centro social sito na avda. de Castelao n.º 4, xunto cos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o procedemento de licitación e que constan como anexos a este acordo.

Segundo.- Abrir o procedemento de licitación mediante procedemento aberto, debendo publicar o correspondente anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Intervención.

Cangas, 6 de abril de 2015

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo.: José Enrique Sotelo Villar

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/ADXUDICACIÓN DA OBRA "MELLORA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS"

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 6.4.15, referente a adxudicación da obra "MELLORA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS", que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DA OBRA 'MELLORA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS'

Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato de obra 'Mellora das instalacións deportivas', financiado con cargo a unha subvención do PPOS/15 concedida pola Deputación Provincial.

Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a mesa de contratación como órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adxudicación a favor da mercantil 'C.D. INDEPO, S.L.', con CIF nº B36956464, por resultar esta a oferta economicamente a mais vantaxosa das achegadas.

Visto que esta empresa chegou en tempo e forma (registro entrada nº 4025 do día 1.04.2015) a documentación que se lle requiriu relativa á xustificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que, así mesmo, constituíu garantía definitiva por importe de SEIS MIL CENTO CORENTA E NOVE EUROS CON DEZ CÉNTIMOS (6.149,10 €) en forma aval bancario.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar á empresa 'C.D. INDEPO, S.L.', con CIF nº B36956464, o contrato de obra 'MELLORA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS', por importe de CENTO CORENTA E OITO MIL OITOCENTOS OITO EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS (148.808,31 €) (21% de IVE incluído) coas seguintes especificacións da súa oferta:

- Melloras ofertadas:*
 - o 100 m² de pavimento M.B.C. Tipo D-12 6 cm.*
 - o 150 ml de marca vial de 10 cm.*
 - o Recollida de pluviais*
- Prazo de execución: 40 días naturais*
- Ampliación do prazo de garantía: 12 meses a maiores dos 12 que recolle o proxecto, polo que esta obra terá un prazo total de garantía de 24 meses.*

Segundo.- Dispoñer en contía de CENTO CORENTA E OITO MIL OITOCENTOS OITO EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS (148.808,31 €), o gasto que para este concello representa a mencionada contratación con cargo á aplicación 340.625 do estado de gastos do vixente orzamento municipal.

Terceiro.- Notificar a 'C.D. INDEPO, S.L.', a adxudicación do contrato e citar ao seu representante para a sinatura deste.

Cuarto.- Nomear á arquitecta municipal, María Isabel Medraño Fariña, directora facultativa da obra e coordinadora de seguridade e saúde.

Quinto.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto Refundido da LCSP, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Sexto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico, así como á directora de obra."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a adxudicación da obra "MELLORA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS".

B) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/ADXUDICACIÓN DA OBRA 'ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS NA PISCINA MUNICIPAL'

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 6.4.15, referente a adxudicación da obra "ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS NA PISCINA MUNICIPAL", que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DA OBRA 'ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS NA PISCINA MUNICIPAL'

Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato de obra 'Actuacións complementarias na piscina municipal', financiado con cargo a unha subvención do PPOS/15 concedida pola Deputación Provincial.

Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a mesa de contratación, como órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adxudicación a favor da mercantil 'CIVIS GLOBAL, S.L.U.', con CIF nº B36684157, por resultar esta a oferta economicamente a mais vantaxosa das achegadas.

Visto que esta empresa achegou en tempo e forma (registro entrada nº 4026 do día 1.4.2015) a documentación que se lle requiriu relativa á xustificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que, así mesmo, constituíu garantía definitiva por importe de TRES MIL NOVECIENTOS VINTE E CINCO EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (3.925,64 €) en forma aval bancario.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar á empresa 'CIVIS GLOBAL, S.L.U.', con CIF nº B36684157, o contrato de obra 'ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS NA PISCINA MUNICIPAL', por importe de NOVENTA E CINCO MIL EUROS (95.000,00 €) (21% de IVE incluído) coas seguintes especificacións da súa oferta:

- Melloras ofertadas:*
 - o 4 Uds. de realce de tapas.*
- Prazo de execución: 15 días naturais.*
- Ampliación do prazo de garantía: 12 meses a maiores dos 12 que recolle o proxecto, polo que esta obra terá un prazo total de garantía de 24 meses.*

Segundo.- Dispoñer en contía de NOVENTA E CINCO MIL EUROS (95.000,00 €) o gasto que para este concello representa a mencionada contratación con cargo á aplicación 151.622 do estado de gastos do vixente orzamento municipal.

Terceiro.- Notificar a 'CIVIS GLOBAL, S.L.U.', a adxudicación do contrato e citar ao seu representante para a sinatura deste.

Cuarto.- Nomear á arquitecta municipal, María Isabel Medraño Fariña, directora facultativa da obra e coordinadora de seguridade e saúde.

Quinto.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto Refundido da LCSP, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Sexto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico, así como, á directora de obra."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a adxudicación da obra "ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS NA PISCINA MUNICIPAL".

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace
o presidente